

# PLAN DE CONVIVENCIA

## CIFP IMAXE E SON

A Coruña a 28 de outubro de 2022

## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	4
3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	5
4. OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA.....	5
5. IDENTIFICACIÓN DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.....	6
6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR.....	7
A. Primeira fase. Coñecemento da situación.....	7
B. Segunda fase. Recollida de información.....	8
C. Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.....	9
D. Cuarta fase. Seguimento das medidas adoptadas.....	10
7. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN.....	10
8. NORMAS DE CONVIVENCIA.....	11
9. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	11
10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	12
Presentación do plan de convivencia ao profesorado.....	12
Presentación do plan de convivencia ao PAS.....	12
Presentación do plan de convivencia ao alumnado.....	13
Información xeral do plan de convivencia.....	13
11. NORMATIVA DE REFERENCIA EN MATERIA DE IGUALDADE.....	13
11.1 Normativa estatal.....	13
11.2 Normativa autonómica.....	13

## 1. INTRODUCCIÓN

Un dos principais obxectivos da educación é o de desenvolver no alumnado competencias sociais e cívicas. Para acadar estas competencias compre facer unha reflexión sobre a convivencia nos centros educativos e o desenvolvemento persoal do alumnado.

O plan de convivencia será o instrumento que posibilite o establecemento dunhas normas de convivencia baseadas nunha serie de accións preventivas, reeducadoras e correctivas.

Tal como establecen as Normas de Organización e Funcionamento do CIFP Imaxe e Son, os principios xerais que rexen a vida do centro son:

- a) A formación baseada no esforzo e no traballo individual como medios para obter os niveis de aprendizaxe esixidos
- b) O carácter emprendedor e o espírito crítico
- c) A igualdade de dereitos e o rexeitamento de todo tipo de discriminación
- d) O fomento dos hábitos de comportamento democrático
- e) A educación para a paz, a cooperación e a solidariedade
- f) A solución cooperativa dos conflitos que se produzan na convivencia diaria buscando acordos nos que cada parte asuma as súas responsabilidades e as consecuencias dos seus actos.
- g) O impulso das novas tecnoloxías como recurso básico para a comunicación e a procura de información.
- h) A formación no respecto e defensa do medio ambiente.
- i) A mellora das competencias lingüísticas do alumnado fomentando a participación en programas de mobilidade.

Así pois o CIFP Imaxe e Son procurará en todo momento ofertar un ensino de calidade onde coexistan un compromiso coa liberdade, o respecto mútuo e a tolerancia. A oferta educativa terá en conta as peculiaridades individuais do alumnado e estará aberta a toda a comunidade educativa.

Non só preparamos traballadores senón tamén persoas que ademáis de progresar nos eidos académico e laboral saian do noso centro capacitados para a convivencia co resto da sociedade.

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO

No CIFP Imaxe e Son impártense exclusivamente ciclos formativos de grao superior, circunstancia que fai que o noso alumnado sexa case na súa totalidade maior de idade. Só excepcionalmente pode darse a circunstancia de que algún alumno/a teña aínda 17 anos durante o primeiro trimestre do curso. Isto fai que a práctica totalidade do noso alumnado sexan suxeitos autónomos con plena capacidade de exercer os seus dereitos e obrigacións.

As idades do alumnado do réxime ordinario oscilan maioritariamente entre os 18 e os 22 anos (78%), sendo unha porcentaxe mínima os menores de idade á hora de ingreso (2%) e contando o resto con idades superiores. No réxime modular as idades oscilan entre os 28 e os 35 anos con algún alumno/a que supera esa idade nalgún curso.

Este contexto guiará a elaboración deste plan para axustalo á realidade do centro.

O alumnado de ciclos formativos de grao superior ten, en xeral, un grao de madurez persoal e intelectual alto. Isto fai que as relacións entre o alumnado e co resto da comunidade educativa estean habitualmente baseadas no respecto mútuo e a tolerancia. Non é habitual sufrir episodios ou conflitos que alteren a convivencia máis aló dalgún pequeno episodio normal nun colectivo tan numeroso que convive diariamente durante tantos meses do ano.

Un dos principais obxectivos do centro, tal como ven recollido no seu Proxecto Funcional, é o ensino baseado en proxectos. Isto implica a realización de numerosas prácticas conxuntas entre alumnos dos diferentes ciclos simulando situacións reais de traballo. Deste modo, a convivencia constante entre todo o alumnado provoca situacións onde se teñen que resolver os posibles conflitos a cotío. Estas dinámicas grupais son moi eficaces á hora de solucionar conflitos de relación na vida cotiá e contribúen ao desenvolvemento individual dos alumnos.

Polas características do alumnado descritas, son escasas as ocasións nas que temos que tratar coas familias. Como se dixo o noso alumnado é maior de idade nun 98% das veces e ese 2% só pode darse durante o primeiro trimestre. Aínda así os titores e a dirección do centro atenden ás escasas consultas que recibimos por parte das familias.

O persoal de administración e servizos está tamén contemplado neste plan de convivencia así como nas NOF do centro. A relación dos PAS co alumnado e co persoal docente baséase no respecto mútuo e a boa convivencia.

Tendo en conta todo o exposto anteriormente pódese afirmar que no centro non adoitamos ter problemas significativos na convivencia da comunidade escolar. Os poucos incidentes que de cando en vez se producen son ademais pouco relevantes e adoitan solucionarse sin necesidade de accións sancionadoras.

### 3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A conversión da Escola de Imaxe e Son en Centro Integrado de Formación Profesional, produciuse coa publicación do DECRETO 59/2017, do 22 de xuño, no que se transforman institutos de educación secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia en centros integrados de formación profesional. Deste modo o curso 2017/18 foi o primeiro no que se implantou o Sistema de Xestión de Calidade. A partir dese momento, tivemos a nosa disposición todos os instrumentos de avaliación das partes interesadas, fundamentais para unha boa diagnose da convivencia no centro entre outras características analizadas.

Quizáis os principais instrumentos de avaliación sobre a convivencia do centro sexan a Enquisa de Satisfacción do Persoal e a Enquisa de Satisfacción do Labor Docente que adoitan realizarse no medio do ano académico. Os datos destas enquisas nos últimos anos, mostran que non existen problemas graves de convivencia. Outro dos instrumentos que permiten detectar posibles problemas no centro, é o buzón SQR; a este respecto as suxestións e queixas que alí se reflectiron desde a nosa conversión en CIFP, non adoitan ter que ver con conflitos de convivencia.

Ao bó ambiente e a ausencia de conflitos importantes no centro contribúen os diferentes documentos que recollen aspectos sobre a convivencia: NOF, guía do alumnado, guía do profesorado, guía do PAS e PAT. A difusión dos mesmos así como a labor diaria do profesorado titor fan que se eviten de maneira preventiva a aparición de conflitos.

### 4. OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS
Formación do profesorado	Organización de cursos de formación relacionados coa convivencia
Normativa interna	Inclusión nas NOF de propostas de mellora acerca da convivencia
Actualización da normativa	Revisión e actualización da normativa interna do centro en función dos resultados das enquisas de satisfacción e do buzón SQR
Mediación	Elaborar protocolos de intervención para a resolución de conflitos
Prácticas interciclos	Promover o traballo en grupo para potenciar aspectos relacionados coa convivencia, a solidariedade e o respecto mútuo
Fomento do diálogo	Promover a cultura do diálogo como base da resolución pacífica dos conflitos
Prevenición	Labor titorial cos grupos de alumnos para a prevención de aparición de conflitos
Protocolos de comunicación e actuación	Deseñar protocolos que faciliten a notificación de condutas contrarias á convivencia (discriminación de xénero, agresións verbais,

	acoso escolar, maltrato psicológico, etc.)
Comisión de convivencia	Creación dunha comisión de convivencia integrada por representantes dos diferentes sectores da comunidade educativa para a mediación e a resolución de conflitos
Colaboración da comunidade educativa	Solicitar a toda a comunidade educativa propostas de mellora da convivencia
Colaboración externa	Procurar a colaboración e a comunicación con outras institucións ou centros na procura da mellora da convivencia

## 5. IDENTIFICACIÓN DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

Entenderase por acoso escolar aquela actuación que cumpra os seguintes requisitos de xeito simultáneo:

- A intención de facer dano
- A repetición de condutas agresivas
- A duración no tempo
- O desequilibrio entre a vítima e o agresor ou agresores (abuso de poder)

A consideración de acoso pode producirse tanto por maltrato verbal (insultos, alcumes, desprestixio) como físico contra a persoa ou os seus obxectos persoais. Dentro desta consideración teranse en conta posibles situacións de intimidación tales como ameazas, chantaxes, roubos ou mesmo situacións de illamento.

Na erradicación de situacións de acoso escolar terase en conta o seguinte:

- Intervención rápida en canto se teña coñecemento dunha situación de acoso para evitar que o problema se agrave
- A integración do grupo de alumnos como medida preventiva. É parte do labor titorial o fomento da amizade e as boas relacións entre os grupos de alumnos
- Tratar de detectar 3 roles habituais nas situacións de acoso escolar: o de persoa agresora, o de vítima e o de espectador pasivo dos conflitos

## 6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

O director do centro ou calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento deste protocolo. A finalidade que se persegue é que o profesorado do centro saiba como actuar nos posibles casos de acoso; buscarase a rápida intervención tanto co agresor como coa vítima e as persoas coñecedoras da situación.

O presente protocolo consta de 4 fases:

### ***A. Primeira fase. Coñecemento da situación.***

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou indicios dunha situación de acoso sobre algún alumno/a ten a obriga de poñelo en coñecemento do equipo directivo. Terase en conta a discreción e a confidencialidade ao longo de todo o proceso. Dependendo da persoa coñecedora da situación recoméndase:

- Alumnado: Buzón SQR ou comunicación verbal a calquera persoa do centro.
- Profesorado: comunicación ao titor ou titores do alumnado implicado ou á dirección do centro.
- PAS: comunicación a calquera persoa do equipo directivo do centro

A persoa responsable do equipo directivo establecerá as medidas urxentes para a protección da presunta vítima; o interese da presunta vítima prevalecerá sobre calquera outra consideración.

A continuación a dirección do centro designará unha persoa responsable da tramitación do protocolo entre o profesorado do propio centro a quen lle transmitirá a información pertinente nunha reunión da que se levantará acta. A información facilitada nesta reunión debe incluír os feitos acontecidos e os trámites realizados pola dirección do centro ata ese momento.

En todas as actuacións da persoa nomeada responsable, ésta deberá ter en consideración que, no caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de 12 días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos tal como se recolle no artigo 25.7 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

O nomeamento da persoa responsable ten que ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado para facilitar a colaboración entre estes e o titor/a no relativo a calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.

### ***B. Segunda fase. Recollida de información.***

O obxectivo desta fase é recabar os datos necesarios para dilucidar si os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

Os procedementos empregados para a recollida de información deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada. Cando menos se recollerán os seguintes datos:

- Datos indetificativos do centro e alumnado afectado
- Persoa que recolle a demanda
- Persoa que comunica a situación
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e a gravidade do feito denunciado
- Lugares onde se produciron os feitos (mesmo si aconteceron fóra do centro)
- Feitos observados

Nesta fase de recollida de información compre empregar 4 tipos de instrumentos:

- Entrevista individual á presunta vítima ou vítimas. Citarase ao alumno/a ou alumnos/as acosados a unha entrevista; esta debe comezarse de xeito indirecto e ir centrándose progresivamente no tema. Debe observarse sempre unha actitude comprensiva e receptiva. Ao remate desta, tratarase de tranquilizar á persoa ou persoas afectadas e comunicarlles explícitamente a busca de solucións e o compromiso de atallar o problema detectado.
- Entrevista individual á persoa ou persoas responsables do acoso. Citarase aos/as responsables de xeito individual, xa que no caso dun acoso grupal o grupo pode tratar de minimizar o problema e diluir a responsabilidade entre os membros. Os datos achegados nesta entrevista servirán para corroborar os feitos e valorar si realmente se está producindo un caso de acoso.
- Entrevista individual á persoa ou persoas observadoras. Citaráse á persoa ou persoas de xeito individual con fin de coñecer diferentes versións que poidan dar. Máis adiante tratarase de cotexar esta información coa aportada pola persoa ou persoas acosadoras coa finalidade de garantir a veracidade dos feitos.
- Entrevista individual á familia. No caso de que no conflito esté implicado algún alumno/a menor de idade ou si a dirección do centro o considera oportuno contactarase coas familias informándolles dos feitos e das medidas que se tomaron ata o momento.
- Solicitude de aseroamento e apoio técnico por parte do departamento de orientación do centro. A persoa responsable da tramitación do expediente poderá solicitar asesoramento ou apoio técnico á persoa que ocupe a xefatura do departamento de orientación do centro cando o considere necesario.

### ***C. Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.***

Unha vez recabada toda a información sobre os feitos acontecidos, a persoa responsable da tramitación deberá comunicarlle á dirección do centro. Será a dirección quen



determinará si a situación detectada é ou non un posible caso de acoso e, de ser o caso, acordará as medidas que compre adoptar, sempre dacordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas NOF e no regulado na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Confirmada unha situación de acoso escolar distinguirase entre as medidas que se adopten para a protección da vítima, as correctoras aplicables á persoa ou persoas agresoras e as referidas á comunicación da situación aos organismos correspondentes.

Toda actuación que constitúa acoso escolar será considerada gravemente prexudicial para a convivencia e non poderá ser corrixida sen a previa instrución dun expediente disciplinario. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente a dirección do centro comunicarllo ao alumnado implicado e ás súas familias no caso de ser menores de idade, ao servizo de Inspección Educativa correspondente e ao profesorado titor do alumnado implicado.

Independentemente de si se inicia ou non a instrución dun expediente disciplinario, unha vez analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas para poñer en marcha no centro nas aulas afectadas e co alumnado implicado. Esta proposta recollerase por escrito e indicaranse as medidas, os axentes implicados, os recursos utilizados, a temporalización e o seu seguimento e avaliación.

Será o director do centro quen á vista destas propostas ditaminará as medidas definitivas a adoptar para o que, si o considera oportuno, poderá solicitar colaboración do departamento de Orientación e da Comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter carácter educativo e tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

A comunicación á inspección educativa será feita polo director do centro e procederá nos seguintes casos:

- Cando se confirma a situación de acoso escolar e si procede a tramitación do procedemento do correspondente expediente disciplinario
- Cando haxa coñecemento da existencia de denuncia policial ou denuncia xudicial
- Cando o solicite, de oficio, a propia Inspección Educativa.

Esta comunicación recollerá cando menos:

- A información recollida no centro
- As actuacións realizadas e as datas nas que se levaron a cabo
- A información complementaria que se considere relevante ao respecto.

#### ***D. Cuarta fase. Seguimento das medidas adoptadas.***

Posteriormente á adopción de medidas o director do centro, ou a persoa na quen delegue, fará un seguimento da situación coa intención de evitar que se volva a producir e para observar os cambios no comportamento individual do alumnado implicado no conflito.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo. A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar si a actuación foi eficaz.

## **7. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN**

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención que contribúen á mellora do clima xeral do centro, podemos considerar:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia do centro.
- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poidan derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nas labores titoriais.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de Convivencia e das NOF. Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.

## 8. NORMAS DE CONVIVENCIA

As normas de convivencia do CIFP Imaxe e Son de A Coruña atópanse nas Normas de Organización de Funcionamento (NOF) e forman parte do Plan Anual do curso 2022/2023 aprobado polo Consello Social do centro con data de 30 de setembro de 2022.

## 9. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Faise necesario un proceso de sensibilización co que se trate de concienciar da necesidade de conseguir unha mellora da convivencia no centro educativo.

A Comisión de Convivencia será a encargada de traballar esta sensibilización e da súa divulgación a todos os sectores da comunidade educativa.

Existirá unha comisión de convivencia integrada por representantes de todos os sectores con representación no centro e presidida pola Director/a, que poderá delegar as súas funcións no Xefe/a de Estudos.

A Comisión de Convivencia do CIFP Imaxe e Son está integrada polos seguintes membros:

- Alumnado: 2 candidatos/as. Un de cada quenda; diurno e vespertino
- Claustro: 4 candidatos/as. Xefaturas Departamentos de Orientación e de FOL, e 2 representantes do Claustro
- Persoal de Administración e Servizos: 1 candidato/a
- Equipo Directivo: Xefatura Estudos e Dirección

A comisión de convivencia constituirase ao inicio de cada curso escolar, de producirse algunha baixa e/ou renuncia dalgún dos membros que a constitúen, informando ao Claustro e Consello Social das modificacións.

A comisión reunirse tres veces durante o curso escolar de xeito ordinario, unha por cada trimestre. Con carácter extraordinario, reunirse, cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Funcións:

- a) Elaboración da revisión anual do Plan de Convivencia do centro.
- b) Elaboración da revisión anual das Normas de Convivencia e das NOF.
- c) Recibir información da dirección do centro respecto aos incidentes e circunstancias que afecten á convivencia, con especial referencia á execución da perda do dereito á avaliación continua, ás sancións impostas, ou á apertura de expedientes informativos, disciplinarios ou mediadores.
- d) Propoñer o nomeamento do instrutor/a nos expedientes informativos.

- e) Propoñer actuacións, respecto ás alteracións da convivencia que non poidan ser corrixiadas por aplicación da normativa vixente.
- f) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- g) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente ao fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- h) Propoñer ao Consello Social as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos unha vez ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- i) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Social do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

## 10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Nunha primeira fase, trala súa aprobación polo Consello Social, o plan será dado a coñecer a tódolos membros da comunidade educativa do centro mediante as seguintes actuacións:

### ***Presentación do plan de convivencia ao profesorado***

- Información ao claustro do Plan de Convivencia aprobado, así como das futuras actualizacións do mesmo.
- Entrega de carpetas en formato dixital que conteñan o plan de convivencia.
- Entrega dun documento resumo do plan de convivencia no que se expliciten fundamentalmente as normas, medidas correctoras e/ou reeducadoras e procedementos de actuación.
- Documento específico do Plan de Convivencia na acollida do profesorado de nova incorporación, explicando os aspectos fundamentais do plan de convivencia.

### ***Presentación do plan de convivencia ao PAS***

- Realización dunha reunión para a presentación do plan de convivencia ao persoal de administración e servizos e das súas posteriores actualizacións.
- Entrega de carpetas informáticas que conteñan o plan de convivencia.
- Entrega dun documento resumo do plan de convivencia.

## ***Presentación do plan de convivencia ao alumnado***

- Propiciar asambleas de aula e reunións de representantes do alumnado para realizar distintos aspectos do plan de convivencia.

## ***Información xeral do plan de convivencia***

- Publicación na web do centro do Plan de Convivencia.

## **11. NORMATIVA DE REFERENCIA EN MATERIA DE IGUALDADE**

### ***11.1 Normativa estatal***

Constitución española de 1978

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional

Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

### ***11.2 Normativa autonómica***

Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Ref\_normativos\_I Plan Igualdade Centros\_CA Galicia.docx VII

Plan estratéxico de Galicia para a igualdade H\_M\_marzo 2017

Aprobado polo Consello Social o 31 de xaneiro de 2023.